

SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

Resolución do 17 de marzo de 2008, da División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional, pola que se aproba a resolución provisional do concurso de traslados para a provisión de prazas de diversas categorías convocado por Resolución do 20 de xuño de 2007.

De conformidade co previsto na base 7.2 da Resolución do 20 de xuño de 2007 (DOG nº 125, do 29 de xuño) pola que se convoca concurso de traslados para a provisión de prazas de diversas categorías do Servizo Galego de Saúde, rematada pola comisión de baremación a tarefa de baremación dos méritos alegados e acreditados polos concursantes, procede aprobar a resolución provisional do concurso de traslados.

En consecuencia, este centro directivo

ACORDA:

Primeiro.-Declarar resolto provisionalmente o concurso de traslados para a provisión de prazas pertencentes ás categorías de ATS/DUE, auxiliar de enfermaría, celador, grupo auxiliar da función administrativa e persoal de servizos xerais do Servizo Galego de Saúde convocado pola Resolución do 20 de xuño de 2007, adxudicando a puntuación provisional acadada e, se é o caso, o destino tamén dun xeito provisional, sen que este supoña ningún dereito ou expectativa ata que sexa publicada posteriormente a resolución definitiva.

As correspondentes listaxes de adxudicación atópanse expostas nos servizos centrais e periféricos da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde, así como nos diferentes centros de xestión de atención primaria e especializada deste e na páxina web www.sergas.es

Segundo.-Declarar excluídos provisionalmente do concurso de traslados os concursantes, se é o caso, que en cada categoría aparecen reflectidos como tales polas causas que se especifican nas listaxes provisionais de admitidos e excluídos.

Terceiro.-De conformidade co establecido na base 7.3 da citada resolución, os interesados disporán dun prazo de quince días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación no *Diario Oficial de Galicia* desta resolución provisional, para formularen reclamacións contra ela ou, se é o caso, para emendar aquelas causas de exclusión das listaxes provisionais de admitidos e excluídos que sexan susceptibles de emenda.

Santiago de Compostela, 17 de marzo de 2008.

Antonio José Fernández Paniagua
Director xeral da División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional

Resolución do 18 de marzo de 2008, da División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional, pola que se aproba a resolución provisional do concurso de traslados para a provisión de prazas de pediatras de atención primaria.

De conformidade co previsto na base 7.2 da Resolución do 20 de decembro de 2007 (DOG nº 4, do 7 de xaneiro do 2008) pola que se convoca concurso de traslados para a provisión de prazas de pediatras de atención primaria do Servizo Galego de Saúde, rematada pola comisión de baremación a tarefa de baremación dos méritos alegados e acreditados polos concursantes, procede aprobar a resolución provisional do concurso de traslados.

En consecuencia, este centro directivo

ACORDA:

Primeiro.-Declarar resolto provisionalmente o concurso de traslados para a provisión de prazas pertencentes a pediatras de atención primaria do Servizo Galego de Saúde convocado por Resolución do 20 de decembro de 2007, adxudicando a puntuación provisional acadada e, se é o caso, o destino tamén dun xeito provisional, sen que este supoña ningún dereito ou expectativa ata que sexa publicada posteriormente a resolución definitiva.

As correspondentes listaxes de adxudicación atópanse expostas nos servizos centrais e periféricos da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde, así como nos diferentes centros de xestión de atención primaria e especializada e na páxina web www.sergas.es

Nestas listaxes indícase a totalidade da puntuación do capítulo de formación para aqueles concursantes que acadasen a máxima, de ser o caso, con independencia das distintas epígrafes que compoñen ese punto de formación.

Segundo.-Declarar excluídos provisionalmente do concurso de traslados os concursantes que, de ser o caso, aparecen reflectidos como tales polas causas que se especifican nas listaxes provisionais de admitidos e excluídos.

Terceiro.-De conformidade co establecido na base 7.3 da citada resolución, os interesados disporán dun prazo de quince días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación no *Diario Oficial de Galicia* desta resolución provisional, para formularen reclamacións contra ela ou, de ser o caso, para emendaren aquelas causas de exclusión das listaxes provisionais de admitidos e excluídos que sexan susceptibles de emenda.

Santiago de Compostela, 18 de marzo de 2008.

Antonio José Fernández Paniagua
Director xeral da División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional